

O Liceo Recreativo de Betanzos: o Gabinete de Lectura e a súa biblioteca

ANDREA RIVEIRA LÓPEZ*

Sumario

No presente traballo mostraremos e interpretaremos os datos recollidos da catalogación da biblioteca da asociación Liceo Recreativo de Betanzos, unha sociedade que desenrola a súa actividade dende 1861 a 1973. O seu Gabinete de Lectura contaba cunha colección destacable de libros, que rondaría os novecentos exemplares dos que conservamos catrocentos sesenta e tres. As temáticas que recollen os volúmenes conservados son moi diversas e mostran unha gran riqueza cultural. A través deles podemos coñecer parte da historia do Liceo Recreativo e da súa biblioteca, así como os hábitos de lectura dos seus socios.

Abstract:

In the present work we will show and interpret the data collected from the cataloging of the library of the Liceo Recreativo de Betanzos association, a society that developed its activity from 1861 to 1973. Its Reading Room had a remarkable collection of books, which would be around nine hundred volumes of that we have preserved four hundred and sixty-three. The themes covered by the conserved books are very diverse and show great cultural richness. Through them we can learn part of the history of the Liceo Recreativo and its library, as well as the reading habits of its members.

1. Introducción

As asociacións Liceo ou Casino foron moi comúns na España do século XIX e prolongáronse no tempo ata o século XX, continuando algunhas delas en activo a día de hoxe. Buscaban facilitar as relacións sociais entre elites e fomentar a cultura a través de todo tipo de actividades como concertos, bailes e exposicións de arte (Rodríguez, 1989: 145).

En 1861 nace a Asociación Liceo Recreativo de Betanzos, que desenvolvía as súas actividades no edificio Arquivo, motivo polo cal acabaría adquirindo o nome popular “Liceo”. Durante os seus máis de 100 anos de actividade realizan moitas actividades culturais e mostran un gran interese pola lectura.

No presente artigo mostraremos os resultados da catalogación do que conservamos da súa antiga biblioteca, que foi entregada á Biblioteca Municipal de Betanzos. Os libros do Liceo Recreativo que chegan a nós representan aproximadamente a metade dos volúmenes que debía posuír a sociedade, segundo podemos observar nas etiquetas conservadas nos lomos dos mesmos. Son, en total, catrocentos sesenta e tres os libros que conseguimos catalogar.

***Andrea Riveira López** (Coirós, 2000). Graduada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente estudante no Máster de Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña.



Fig. 1. Un dos selos que funcionaban como ex libris da sociedade.

2. O Gabinete de Lectura

Era coñecida con este nome a sala dentro da sociedade adicada á lectura, nun primeiro momento sobre todo á prensa e revistas de actualidade; non obstante, neste traballo non recollémos as revistas e xornais que posuían.

Para que a actividade se desenvolvese sen problemas, o regalamento da sociedade contaba cunha serie de normas específicas para esta sala. Conserbamos un exemplar do ano 1967 que nos indica as seguintes:

TÍTULO SEXTO

Del gabinete de lectura

Art. 46.-Figurarán en él, periódicos, revistas y cuantas publicaciones acuerde la Directiva

Art. 47.-Ningún socio podrá ser interrumpido en su derecho a la lectura de periódico que haya elegido, pero tampoco podrá disponer de varios al mismo tiempo, si hay otro socio que desea utilizar alguno de los que reserva para su lectura posterior

Se prohíbe:

Discutir y leer en voz alta

Que los periódicos, revistas y libros se lean fuera del gabinete de lectura, aún cuando sea en los salones de la Sociedad, porque generalizada esta costumbre, se perturbaría la buena organización de aquel y sería difícil evitar el extravío de ejemplares necesarios al buen servicio de los socios.

Art. 48.-Las publicaciones que lo merezcan serán seleccionadas y encuadernadas por disposición de la Junta Directiva siendo catalogadas por el Vice-Secretario, para su fácil manejo por parte de los sociosⁱ.

Foi un lugar moi relevante para a sociedade, polo que adicaban moitos recursos e tempo para melloralo. Por exemplo, no ano 1925 acordan trasladar a sala de lectura a unha estancia máis apropiada do edificio, aproveitando ademáis para facer un inventario.

Que, no considerando el departamento destinado al Salón de Lectura en condiciones higiénicas y acomodaticias para los señores socios, acuerda trasladar esta importante dependencia al salón destinado a recreos, paralizado en la actualidad, instalando luz y demás servicios necesarios y que se traslade también allí la biblioteca, aprovechando la ocasión para hacer un catálogo general de las obras que en ella se contienenⁱⁱ.

A prensa local tamén se fai eco da reforma no Gabinete de Lectura durante esta década:

La Biblioteca del Liceo – Dentro de breves días se inaugurará el nuevo y espacioso salón que la veterana Sociedad el Liceo Recreativo dedica al salón de lectura y biblioteca.

Nos congratulamos de la mejora que ello significa dentro de la labor de cultura de la popular sociedad y, por ello enviamos nuestros plácemes a las juntas directivas que intervinieron en la gestión de la reforma y a la que actualmente la lleva a cabo¹.

Durante o ano 1927 aproban unha subida das cuotas, e sinalan a necesidade de invertir estes fondos en facer do Liceo Recreativo unha sociedade cun carácter cultural máis marcado, insistindo na necesidade de adquirir máis volúmenes para que a biblioteca estea a altura dos novos tempos. Polo tanto, non só buscaban mellorar as condicións e aspecto do local, senón que tamén otorgaron importancia os seus contidos.

La Presidencia manifiesta al Sr. Peña Otero que en la Junta Directiva hay cinco Sres que en todo momento se han mostrado conformes con el aumento de cuota, partiendo de ellos la iniciativa de la instancia por hallarse firmemente persuadidos de que con los ingresos ordinarios no puede la Sociedad llevar siquiera las atenciones más perentorias lo que pasa a demostrar dando lectura D. Veiga Roel al presupuesto que se ha confeccionado, el cual, circunscribiéndolo a los gastos indispensables acusa un déficit de 900 pesetas; que la Directiva que hoy rige los destinos de este Centro de Recreo, entiende debe orientarlo hacia modernos derroteros, dándole un carácter cultural que no posee, procurando nutrir la biblioteca con obras de reconocida eficacia instructiva y dotarlo de otras mejoras que armonicen con su importancia y con las exigencias de la vida actual...ⁱⁱⁱ

Como todas as bibliotecas, requería de certa xestión e debían retirar exemplares de cando en cando, xa fose por estar desactualizados, en mal estado ou repetidos. En 1935, tras formar un comité que se ocuparía de reorganizar a biblioteca, acordan vender os exemplares que xa non teñen cabida na mesma.

Por el presidente se dio cuenta del informe remitido por los comisionados nombrados para reorganizar la Biblioteca de la Sociedad informe que mereció el encomio y la aprobación unánime de la Directiva, acordando también por unanimidad, la adquisición de las obras que como convenientes para figurar en la Biblioteca, indican dichos comisionados y que es proceda a la venta de las obras repetidas y de las incompletas^{iv}.

3. Medios de adquisición dos libros

Os libros presentes no Gabinete de Lectura podían ser adquiridos de diversas formas. Os asociados facían doazóns das súas bibliotecas privadas e, ás veces, chegaban libros de outras institucións, o que se pode deducir polos diferentes *ex libris* encontrados.

Fig. 2. Escaneado dunha páxina do exemplar de París en América coa seguinte firma: *Regalo que hizo a la Sociedad Liceo Recreativo D. Ramón Peón. 22 de octubre de 1912.*



Un dos exemplos de doazón é o de Ramón Peón, un socio do Liceo Recreativo que cede unha cantidade significativa de títulos no ano 1912, o cal queda recollido nas firmas que encontramos nos propios exemplares e nas actas. Conservamos unicamente nove:

Dumas, A.	Impresiones de Viaje, tomo 1	1856
Dumas, A.	Impresiones de Viaje, tomo 2	1857
Gámbara, L.	La sociología	
Gicca, F.	Justicia sacerdotal	
Laboulave, E.	París en América, Volumen I	1885
Laboulaye, E.	París en América, Volumen II	1885
Nemo	Teosofía	1890
Reclus, E.	Los Primitivos	1907
Reclus, E.	Los Primitivos	1907



Entre os que non conservamos, atópanse títulos como: *Las ruinas de palmira*, *La expulsión de la bestia triunfante*, *La revolución de julio de 1909*, *Ciencia y moral*, *El origen del hombre*, *Las mentiras convencionales de nuestra civilización*, *Revolución de julio de 1854* ou *Los exhombres*^v.

Segundo parece, Ramón Peón contaba cunha importante biblioteca persoal, exercía como doutor en Betanzos e era coñecido polo seu carácter anticlerical e anticatólico, polo que a súa colección puido ser vítima dunha queima no ano 1936 (Albarrategui, 1962: 45).

Por outra banda, non temos constancia de que suceda algo similar na biblioteca do Liceo Recreativo; sen embargo, a gran maioría dos títulos reflexados nas actas dos que doa Ramón Peón, non se atopan entre o conservado.

Fig. 3. Portada dun dos exemplares da *Geografía del reino de Galicia*.

A meirande parte dos libros serían comprados ás editoriais polo propio Liceo Recreativo. Buscaban ter libros actualizados, útiles e de interese para os socios, quen, as veces, facían peticións á directiva. Un exemplo disto é a adquisición dunha xeografía do Reino de Galicia, recomendada polo propio presidente da asociación, da que soamente conservamos catro volúmenes, pero que constaría de seis en orixe.

El Sr. Presidente enteró a la Junta Directiva el haber suscrito por cuenta de esta Sociedad, con la Casa Editorial Alberto Martin, de Barcelona, a una Geografía de Galicia y un tomo del Folklore de costumbres gallegas, por ser lo mejor hoy en día sobre las citadas materias, y dadas las facilidades de pago, pues las citadas obras vale 493 ptas. Pagaderas 25 ptas. en el acto y plazos mensuales de 10 ptas. hasta su total cancelación. La Junta Directiva aprobó lo realizado por su Presidente^{vi}.

4. Resultados do catálogo



Fig. 4. Gráfico que mostra o número de libros segundo o seu ano de publicación.

Do catálogo realizado podemos sacar os seguintes datos en claro:

O máis antigo data de 1805, fruto dunha doazón, e o máis actual de 1972, que corresponde cos últimos anos de actividade do Liceo Recreativo.

Entre os anos 1920 e 1930 observamos un gran aumento no número de exemplares, o que coincide cos datos que comentamos no apartado anterior. Trátase dos mesmos anos nos que deciden renovar o Gabinete de Lectura, tanto o moviliario coma os contidos. Esta reubicación da sala a un lugar máis amplo e mellor acondicionado, prestaríase a realizar unha maior inversión no catálogo.

Durante os anos que abarcan a II República ata o final da Guerra Civil o número de libros adquiridos baixa drásticamente. Descoñecemos se os libros do período republicano puideron desaparecer durante o réxime ditatorial debido a censura. Con respecto ó acontecido durante a Guerra Civil, cabe destacar que, os datos non responden só a un período de crise e conflito armado, senón a que o peso editorial encontrábase en Madrid e Barcelona; dos catrocentos sesenta e tres libros rexistrados, trescentos noventa

e cinco foron impresos nestas dúas cidades, sendo ambas dos derradeiros lugares en ser tomados polo exército franquista. En relación, debemos sinalar o feito de que unha vez acabada a guerra, e en plena crise da posguerra, o número de exemplares volve a subir.

Nos últimos anos, cando o Liceo está por disolverse, a compra de exemplares parece caer en picado; sabemos que dende 1972 o desahucio da sociedade do edificio Arquivo era inminente.




Fig. 5. Gráfico que reflicte os cinco xéneros máis representados nos exemplares catalogados e o número de libros de cada un.

Nesta gráfica observamos as cinco temáticas máis representadas, as cales son mostra da gran variedade de xéneros que existía na biblioteca. Cabe sinalar, sen embargo, que os libros de ficción son maioría, pero non deixa de haber unha pluralidade inmensa de contidos, e.g., manuais sobre física, gandaría, xeografía ou mesmo de autoaxuda.

5. Conclusións

Debemos recalcar a importancia dun espazo coma o creado polo Liceo Recreativo, a pesares da reducida accesibilidade que en realidade presentaba esta biblioteca, xa fose polo nivel educativo ou polo nivel económico e social. É importante non perder de vista o impacto que a presenza dunha colección destas características tivo nas persoas que, grazas ó Gabinete de Lectura, puideron acceder a este coñecemento.

O feito de ser fruto dunha sociedade e, polo tanto, pertencer a un colectivo, propiciou a adquisición dun maior número de volúmenes para a biblioteca, motivo polo cal alcanza un número tan elevado de exemplares e estes amosan unha variedade temática tan ampla. Xuntaron unha colección máis que relevante para a época, contando con case novecentos libros.

Grazas á catalogación da biblioteca podemos facer unha viaxe ó longo da historia para comprender as consecuencias que tiveron os diferentes épocas para os exemplares. Do mesmo xeito, a información aportada polos libros tamén nos axuda a recoller parte da historia do Liceo Recreativo, e o impacto que o mesmo tivo no desenvolvemento cultural de Betanzos.

NOTAS

ⁱAMB – 3248. Reglamento, Liceo Recreativo de Artesanos de Betanzos 1967.

ⁱⁱAMB – 2346. Libro de actas octubre 1911- abril 1927, sesión del día 24 de marzo de 1925, p. 365.

ⁱⁱⁱAMB – 3246. Libro de actas abril 1927- julio 1935, Junta general extraordinaria del 30 de octubre de 1927, p. 14.

^{iv}AMB – 3247. Libro de actas de julio de 1935 a diciembre 1951. Junta directiva celebrada el día 9 de diciembre de 1935, p. 7.

^vAMB – 3246. Sesión del 21 de octubre de 1912, libro de actas octubre 1911. Abril 1927, pp. 65-67.

^{vi}AMB – 2346. Libro de actas de 1927-1935: Sesión 31 de marzo marzo de 1931, p.75.

BIBLIOGRAFÍA

ALBARRATEGUI PARADELA, Vicente. (1962), «Reto a los quemadores de libros». *Órgano oficial del centro de Betanzos en Buenos Aires*, nº58, p. 45.

<https://hemeroteca.betanzos.net/Betanzos%20Buenos%20Aires%20centro%20cultural/Betanzos%20Buenos%20Aires%201962%2008%2001.pdf>

RODRÍGUEZ OTERO, M^a Ángeles. (1989), «"El Liceo Recreativo" de Betanzos (1861-1874)». *Anuario Brigantino*, nº12, p. 145.